


Manexar os rexistros

Pepe Carballude é un dos autores recoñecidos da literatura infantil e xuvenil galega cun número de obras que comezaron a entrar nos fogares hai xa vinte anos, títulos como: *O xilgaro pintor* (1987), *Andainas de Pedro Chosco* (1989), *Os enredos de Olalla* (1990), *A fraga misteriosa* (1992), *A historia do home-can* (1993), *¡Maldito D.N.I.!* (1998), *Paisaxe con fondo gris* (2001). *Investigación 91* é unha nova edición dunha novela publicada en 1988 e rescatada agora por Edicións Xerais para a súa colección “Fóra de Xogo”, dirixida máis ben cara un público xuvenil. A historia sitúanos en Areal do Conde, unha vila mariñeira das Rías Baixas, no ano 1986, espazo e tempo que nos trasladan á problemática laboral que pode ocasionar a reconversión pesqueira, o peche dunha fábrica, o marisqueo furtivo, como vai enu-

Máis que unha investigación policial



MARGA ROMERO



merando un dos personaxes, listado ao que engade: “a campaña de desprestixio

dos nosos mexillóns en Alemaña, a falta dunha política clara de concesións de axudas a fondo perdido para as familias que viven das bateas, dos cultivos mariños, da pesca de baixura...”. Unha historia que se envolve nas tramas do contrabando de tabaco, o famoso “de batea”, actividade que movía moitos lados da sociedade galega nos anos oitenta e que non deixaba indiferente a ningún, e á que se sumaba e da que dependía o tráfico de drogas e a súa venda. A novela ábrese cunha nota de agradecemento de Rosa Miranda, unha aspirante a xornalista que reunirá os testemuños dos diferentes protagonistas para ensarillar toda a trama, da que ela mesma será un elemento clave, e recibirá os premios de conseguir ese traballo que desexa, unha relación estábel con Manuel Longueira, nun principio profesor de Inglés no Instituto da vila. Van parti-

cipando desta narración Xavier Cabaleiro, un estudante de bacharelato que se recupera dunha hepatitis e pasa o seu tempo na escrita dun diario e en comunicarse co exterior a través da particular “ventá indiscreta” do cuarto que ocupa; Luís Cabaleiro, o seu pai, que recibe ameazas por unha colaboración xornalística e ofertas polo que debe escribir. A aparición do cadáver de Sonia Cambeiro, unha nena de dez anos, a malleira que recibe a adolescente Ana e o secuestro de Cachi, un fariñoite que introduce a droga no Instituto, desencadean a investigación, das que aínda non forman parte as novas tecnoloxías, nin sequera os móbiles. Un dos acertos deste libro é o manexo dos diferentes rexistros lingüísticos, que nos axudan tamén na caracterización das personaxes e dunha época, outro conseguir mostrar o grao de implicación da sociedade en problemáticas aparentemente alleas e o papel que xoga o medo na vida cotiá.

CARBALLUDE, Pepe, *Investigación 091*, Ed. Xerais, Vigo, 2007, 169 páxinas.